



DIRECCIÓN DE ENFERMERÍA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

CONVOCATORIA INTERNA PARA O PERSOAL CON PRAZA NA ÁREA DE  
CARDIOLOXÍA DO COMPLEXO HOSPITAL UNIVERSITARIO A CORUÑA

A Dirección de Enfermería da Área Sanitaria da Coruña e Cee

RESOLVE

A convocatoria de 15 postos de DUE para o Servizo de Cardioloxía, conforme ás seguintes

BASES:

**Primeira:** Características dos postos que se convocan

| CENTRO | ÁREA        | UNIDADE      | TURNO              | NÚMERO |
|--------|-------------|--------------|--------------------|--------|
| HUAC   | CARDIOLOXÍA | CARDIO NORTE | TRC                | 5      |
| HUAC   | CARDIOLOXÍA | CARDIO SUR   | TRC                | 6      |
| HUAC   | CARDIOLOXÍA | HEMODINÁMICA | TFM + LOCALIZACIÓN | 4      |

**Segunda:** A cobertura farase segundo os criterios de mobilidade en área determinada recollidos na base decimosegunda da convocatoria de concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo do 29/12/2020.

**Terceira:** O criterio de adxudicación será o de antigüidade como propietario na Área ou Unidade, sendo de aplicación no caso de empate o baremo xeral contido nas bases da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo do 29/12/2020.

**Cuarta:** As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Complexo Hospitalario, mediante escrito dirixido á Dirección de Enfermería no prazo de 7 días naturais a contar desde o día seguinte á data de publicación da convocatoria nos taboleiros da unidade e na páxina do Espazo do Profesional.

A Coruña, a 5 de maio de 2021

  
Xerencia de Xestión Integrada  
A Coruña  
DIRECCIÓN DE PROCESOS DE ENFERMERÍA

Asdo: Enrique González Rodríguez  
Director de Enfermería

Xerencia de Xestión Integrada